

CONVENIO ENTRE O INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA (INEGA) E A ASOCIACIÓN CLÚSTER DA XEOTERMIA GALEGA (ACLUXEGA) PARA A ELABORACIÓN DO PLAN DE PROMOCIÓN E IMPULSO DA XEOTERMIA EN GALICIA 2021-2023, O DESENVOLVEMENTO DUNHA METODOLOXÍA PARA A CUANTIFICACIÓN E ANÁLISE DE ALTERNATIVAS DE DISPOSICIÓN DUNHA BASE DE DATOS ACTUALIZADA DAS INSTALACIÓNS XEOTÉRMICAS REALIZADAS EN GALICIA E A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE DIFUSIÓN E FORMACIÓN

En Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2021

REUNIDOS

Dunha parte, Paula Uría Traba, en nome e representación do Instituto Enerxético de Galicia, en adiante Inega, con domicilio na rúa Avelino Pousa Antelo, nº 5, 15703-Santiago de Compostela, e na súa calidade de director deste, cargo para o que foi nomeada polo Decreto 236/2020 do 23 de novembro, facendo uso das facultades do seu cargo e das que lle foron conferidas en virtude das atribucións que lle confire a Resolución do 10 de marzo de 2017 pola que se delegan competencias atribuídas á persoa titular da Presidencia da axencia Inega (DOG núm. 60, do 27 de marzo).

Doutra parte, Manuel López Portela, en nome e representación da Asociación Clúster da Xeotermia Galega (ACLUXEGA) con CIF G94017829, constituída o 1 de febreiro de 2010, ó amparo da Lei 1/2002 e inscrita na Consellería de Presidencia Administracións Públicas e Xustiza – Xunta de Galicia con nº de rexistro 14085, con domicilio a efectos de notificacións na Rúa Velázquez Moreno nº 9, baixo, oficina.- 8, 36201 Vigo (Pontevedra).

Actúa na súa calidade de Presidente de ACLUXEGA, elixido para o devandito cargo por elección realizada no seo da Asemblea Xeral ACLUXEGA do 21 de Xullo de 2017, e actuando en virtude das facultades que lle outorga o artigo 22 dos estatutos da entidade.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que, para negociar e adoptar acordos en nome das entidades que representan teñen conferidas e

EXPOÑEN

Primeiro.- Que o Inega é unha entidade instrumental do sector público autonómico con personalidade xurídica e patrimonio de seu para o cumprimento dos seus fins que se constitúe en Axencia por Decreto 142/2016, do 22 de setembro, mantendo a súa adscrición a Consellería competente en materia de enerxía, conforme ao establecido na Lei 3/1999, do 11 de marzo e entre os seus fins están "o fomento, impulso e realización de iniciativas e programas de actuación para a investigación, o estudo e o apoio das actuacións de coñecemento, desenvolvemento e aplicación das tecnoloxías

enerxéticas, incluídas as renovables, a mellora do aforro e a eficiencia enerxética, o fomento do uso racional das enerxías e, en xeral, a óptima xestión dos recursos enerxéticos dos distintos sectores económicos de Galicia, así como a participación na xestión e prestación, se é o caso, de servizos noutros campos sinérxicos ao enerxético, de acordo coas directrices do goberno no ámbito das súas competencias".

Que para o exercicio axeitado das súas funcións, o Inega pode establecer convenios e contratos con institucións públicas ou privadas, así como colaborar con outras Administracións para favorecer a adopción de medidas de aforro, de racionalización na produción, distribución e subministración de enerxía (art. 5 da Lei 3/1999).

Segundo.- Na actualidade as políticas de diversos ámbitos e niveis están sendo influenciadas por todos os acordos para a mitigación do cambio climático, posto que o modelo de malgasto enerxético e fontes de enerxía contaminantes non nolo podemos permitir. Todos os escenarios prospectivos futuros mostran como, para acadar os niveis desexables de redución de emisións de Gases de Efecto Invernadoiro é imprescindible descarbonizar case totalmente o sector eléctrico e abandonar, en gran parte, o emprego de combustibles fósiles no resto dos sectores. Sabemos ademais que as enerxías renovables teñen un papel fundamental que xogar na loita contra o cambio climático, duplicar a cota de EERR de aquí a 2030 podería contribuír a reducir considerablemente o nivel de emisións de CO₂ e en combinación coa eficiencia enerxética, podería manter a temperatura mundial en una escala de grados razoable, evitando así un cambio climático catastrófico.

O desenvolvemento das renovables irá indefectiblemente en paralelo á redución das enerxías convencionais, en paralelo a descarbonización, para elo haberá que adaptar a política enerxética para permitir o desenvolvemento ordenado de todas as fontes renovables e, entre outras cousas, seleccionar con criterio as mellores tecnoloxías renovables para cada emprazamento.

No caso de Galicia, a existencia dun subsolo con predominio de rocas cristalinas de alta condutividade térmica (Granitos), facilmente perforables e cun nivel freático moi superficial, fai que practicamente todo o solo do seu territorio resulte óptimo para a implantación dos Sistemas de Captación Xeotérmica, de feito é a Comunidade Autónoma cun maior potencial de enerxía xeotérmica de España.

É por elo que a Xunta de Galicia ven de por en marcha nestes anos a "Estratexia de Impulso a xeotermia 2015 – 2020" para o fomento desta tecnoloxía en Galicia. Nesta estratexia desenvolvéronse políticas encamiñadas a incrementar o emprego desta enerxía renovable e a eficiencia enerxética con medidas lexislativas e regulamentarias, medidas de fomento do uso da xeotermia con axudas específicas a familias, empresas, administracións e entidades, medidas de calidade e accións de formación, difusión e sensibilización. Todo isto supuxo un incremento no número de instalacións xeotérmicas realizadas de máis dun 40% con máis de 1.400 instalacións realizadas e una potencia total de mais de 33 MW.

Nos vindeiros anos, téñense que dar pasos importantes de cara a cambiar o modelo

enerxético actual, e dar protagonismo ás enerxías renovables na loita contra o cambio climático en pos da eficiencia enerxética, a xeotermia entre elas. A xeotermia segue sendo unha enerxía renovable pouco coñecida en relación ás outras, por iso é importante que se deseñen estratexias específicas para a súa promoción como xa se ten feito coa estratexia anteriormente nomeada entre os anos 2015 – 2020.

Esta é unha forma de avanzar en novas políticas enerxéticas de acordo co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima 2021 -2031.

O sector da xeotermia galega, altamente profesionalizado e representado pola Asociación Clúster da Xeotermia Galega – ACLUXEGA, colaborou coa Consellería competente en materia de enerxía da Xunta de Galicia no deseño, posta marcha e desenvolvemento desta Estratexia de Impulso da Xeotermía 2015-2020, para a implantación desta tecnoloxía en Galicia.

Terceiro.- Que ACLUXEGA é unha asociación sen ánimo de lucro, de ámbito galego, que representa as empresas do sector da xeotermia, constituída baixo a forma xurídica de asociación inscrita co número 2010/014085-1 no Rexistro Central de Asociacións e segundo o artigo IV dos seus Estatutos, aprobados o día 23 de abril do 2010 no acto de constitución da asociación, ten como obxecto promover e contribuír á competitividade do sector da xeotermia colaborando coas institucións para impulsar o desenvolvemento da devandita tecnoloxía, fomentar o coñecemento e interese polo desenvolvemento desta, promover a calidade das instalacións realizadas, apoiar e fomentar a investigación a formación e a difusión en dita tecnoloxía, desenvolvemento a innovación das empresas para a mellora da referida tecnoloxía e contribuír á internacionalización dos seus asociados e a mellora das condicións do entorno do sector.

Que o Clúster da Xeotermia Galega ten como fins esenciais, a representación, defensa e difusión dos intereses comúns dos seus membros, o fomento das actividades principais ou nucleares da cadea de valor da xeotermia, en concreto validar as instalacións de xeotermia así como o incremento da competitividade do seu sector a través da difusión e da formación en dita tecnoloxía.

Cuarto.- Neste intre, é necesario avanzar en novas políticas enerxéticas de acordo coas directrices emanadas do Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima 2021 -2030 e por en marcha novas propostas que redunden na consecución dos obxectivos establecidos no Plan, tanto de descarbonización como de potenciación das enerxías renovables na nosa Comunidade Autónoma como camiño cara a unha transición enerxética efectiva e co máximo aproveitamento dos principais recursos enerxéticos renovables de orixe local, como é o caso da enerxía xeotérmica en Galicia.

É por isto que o Inega, neste marco, e no seu obxectivo de impulsar o estudo das actuacións de coñecemento, desenvolvemento e aplicación das tecnoloxías enerxéticas renovables e a mellora do aforro e a eficiencia enerxética no prazo 2021-2030 require a colaboración de ACLUXEGA, para a realización dun Plan que recolla as medidas específicas a levar a cabo entre os anos 2021-2023 para o impulso da enerxía xeotérmica en Galicia, tralo impacto provocado pola pandemia da Covid-19, e

para o desenvolvemento dunha metodoloxía que recolla os procedementos necesarios para a creación dunha base de datos histórica e actualizada que cuantifique as instalacións xeotérmicas realizadas en Galicia e as súas características da maneira máis precisa posible, constatada esta necesidade non só para as estatísticas nacionais e europeas, senón tamén para o desenvolvemento futuro dun mapa de instalacións xeotérmicas que reforce a posición de Galicia como referente no aproveitamento desta fonte de enerxía renovable.

Quinto.- O Inega participa neste convenio por tratarse dunha actuación que vai servir de marco de referencia para a consecución dos obxectivos marcados polo Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima 2021-2030.

E, en virtude de todo o exposto, as partes encóntranse interesadas en formalizar o presente Convenio, e polo tanto,

ACORDAN

Establecer un convenio de colaboración en virtude do cal o Inega participará xunto con ACLUXEGA na elaboración dun Plan de Promoción e Impulso da Xeotermia en Galicia 2021-2023, o desenvolvemento dunha Metodoloxía para a Cuantificación e Análise de alternativas de disposición dunha Base de Datos Actualizada das Instalacións Xeotérmicas realizadas en Galicia e a realización de actividades de difusión e formación.

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto.

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións da colaboración entre o INEGA e ACLUXEGA para a realización:

- Dun Plan conxunto para a identificación das medidas e accións a poñer en marcha no período 2021-2023 e os obxectivos que se prevé acadar nestes anos en relación coa enerxía xeotérmica en Galicia, incluíndo as correspondentes actividades de difusión.

O desenvolvemento do Plan tomará como referencia o Estudo do Papel da Xeotermia en Galicia cara á Transición Enerxética Xusta realizado en 2020 por ACLUXEGA en colaboración co Inega.

- Dunha Metodoloxía para a Cuantificación e Análise de alternativas de disposición dunha Base de Datos Actualizada das Instalacións Xeotérmicas realizadas en Galicia coas súas características, que recolla os procedementos necesarios para a creación dun rexistro histórico e actualizado que cuantifique as instalacións xeotérmicas realizadas na Comunidade Autónoma da maneira máis precisa posible.

- Actividades de difusión e formación.

Durante a vixencia do convenio desenvolveranse un conxunto de actuacións cuxo alcance e orzamento se definen no Anexo I.

Segunda.- Compromisos de Acluxega

1. Elaborar a documentación específica obxecto de este convenio e facer chegar ó Inega os resultados desta actuación.
2. Facer figurar a imaxe corporativa do Inega en toda a documentación técnica e elementos de comunicación que o desenvolvemento da actuación requira.
3. Facilitar ó Inega a información que sexa requirida sobre a execución dos traballos que integran este convenio.

Terceira.- Compromisos do Inega

1. Financiar o 100% das actividades obxecto deste convenio desenvolvidas na cláusula primeira.
2. Facilitar o asesoramento técnico e colaboración que sexa necesaria para a elaboración dos contidos desta actuación.
3. Calquera outra función que resulte de mutua conveniencia por razón do obxecto do convenio.

Cuarta.- Contía da achega

Para o desenvolvemento do obxecto do presente Convenio, o Inega achegará a cantidade de 35.000 € con cargo á partida orzamentaria 06.A3.733A.641.1 do seu orzamento de gastos para o ano 2021.

O pagamento financiará exclusivamente o custo da realización das actividades obxecto do convenio sen que ningunha das partes convenientes obteña lucro *ningún*.

Quinta.- Xustificación e pagamento

1. O Inega fará efectivo un primeiro pagamento de 17.500 euros, previa presentación dun informe das actuacións que se van a realizar.
2. O Inega fará efectivo un segundo pagamento de 17.500 euros, unha vez entregado o Plan de Promoción e Impulso da Xeotermia en Galicia 2021-2023, a Metodoloxía para a Cuantificación e Análise de alternativas de disposición dunha Base de Datos Actualizada das Instalacións Xeotérmicas realizadas en Galicia e a Memoria Xustificativa de realización das Actividades de Difusión e Formación, previa conformidade por parte do Inega de que a documentación presentada reúne os

requisitos establecidos no presente convenio.

Os traballos obxecto do presente convenio estarán executados e entregados ó Inega antes do día 15 de novembro de 2021.

O pagamento farase efectivo contra unha certificación da intervención ou órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi subscrito o presente convenio acompañada das facturas e demais documentos de valor probatorio equivalentes con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa.

O Inega reservará para si o dereito de solicitar toda a documentación que se considere precisa con relación á xustificación dos respectivos gastos.

ACLUXEGA achegará unha certificación expedida pola entidade bancaria da titularidade da conta bancaria de ACLUXEGA onde debe realizarse o pagamento, na que conste: IBAN, ordinal bancario, código do banco, código de sucursal e código de conta corrente.

Sexta.- Propiedade Intelectual

A propiedade intelectual e material dos traballos que resulten deste convenio será conxunta do Inega e de ACLUXEGA. A información que se obteña, os resultados das investigacións e o seu alcance poderán ser difundidos con autorización expresa de ACLUXEGA e do Inega, deixando constancia nas publicacións da participación de cada unha delas. En toda a documentación ou documento relacionado co presente convenio producido en forma unilateral, farase constar a colaboración prestada polo outro membro sen que isto signifique responsabilidade algunha, respecto do contido da publicación ou documento.

Sétima.- Vixencia.

O presente convenio entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura, a súa vixencia rematará o 31 de decembro de 2021, con retroacción dos seus efectos, a fin de amparar as actuacións realizadas desde o 1 de xaneiro de 2021.

Non se contempla a posibilidade de prórroga da vixencia do convenio.

Oitava.- Relacións laborais

A subscrición do presente convenio non implica relación laboral contractual ou de calquera tipo, entre os profesionais que desenvolveron as actividades e a Xunta de Galicia, de tal modo que non se lle poderá esixir ningunha responsabilidade, directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia do presente convenio de colaboración.

Novena.- Comisión de seguimento.

Para o seguimento e cumprimento do presente convenio, designarase, de común

acordo entre as partes, unha comisión de seguimento e control formada por un representante do Inega e outro de ACLUXEGA e que terá como misión:

- Velar pola correcta aplicación e desenvolvemento do convenio.
- Definir o alcance exacto das actuacións específicas a realizar en desenvolvemento do convenio.
- Informar e presentar propostas sobre a marcha e necesidades do proxectos e actuacións que se aborden.

Décima.- Protección de datos

As partes están obrigadas a cumprir coas normas sobre a protección de datos, concretamente o que establece na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais.

Décimo primeira.- Publicidade

En canto á publicidade, procederáse de conformidade co mandato da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia e no Decreto 132/2006 do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios, e de sancións da Xunta de Galicia.

En virtude do disposto no parágrafo anterior ACLUXEGA consente expresamente a inclusión e publicidade no devandito rexistro dos datos relevantes referidos ao convenio.

Décimo segunda.- Causas de resolución

Serán causas de resolución do convenio procedendo o reintegro, total ou parcial, da axuda percibida e dos xuros de mora correspondentes as determinadas no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño.

En especial, serán causas de resolución do presente convenio as seguintes:

- a. O transcurso do prazo de vixencia establecido sen que se leve a cabo o obxecto do mesmo.
- b. O mutuo acordo entre as partes.
- c. A imposibilidade sobrevida para o cumprimento dos termos do presente acordo.
- d. A denuncia de calquera das partes formulada por escrito con quince días de antelación.
- e. O incumprimento total ou parcial dalgunha das súas cláusulas.

Décimo terceira.- Natureza e Réxime Xurídico

O presente convenio ten natureza administrativa, quedando fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público; sen prexuízo da aplicación dos principios e criterios da devandita Lei para resolver as dúbidas ou lagoas que puidesen presentar.

Este convenio o ter carácter administrativo todas as diferenzas que poidan xurdir entre o Inega e o Acluxega, en relación coas cuestións controvertidas non resoltas no seno da comisión de seguimento, someteranse ao coñecemento da xurisdición contencioso-administrativa.

O presente convenio rexerese polas súas cláusulas e polo Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, publicado por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de Abril de 1991, sobre convenios de colaboración con outros entes públicos e con particulares, así como polas disposicións que en materia de convenios se recollen na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

E en proba de conformidade, asínase o presente convenio de colaboración, na data indicada no encabezamento.

Paula María Uría Traba

Manuel López Portela



ANEXO I: Memoria Económica

NÚMERO E DESCRIPCIÓN ACCIONES		2021 PRESUPUESTO POR CONCEPTOS
Promoción/Divulgación/Información/Sensibilización/Formación		
Concepto: Promoción/Divulgación/Comunicación		
- Outras actividades de difusión e comunicación entre as seguintes: feiras, foros, accións informativas prensa escrita e dixitais, edición e difusión de materias impresos e/ou dixitais informativos, formativos, explicativos e outros.		5.500,00 €
Secretaría outros custes de xestión / Calidade + Plan Accións Medidas Promoción da Xeotermia 2021 - 2023 + Metodoloxía cuantificación instalacións		29.500,00 €
TOTAL ACCIÓNS		
TOTAL PRESUPUESTO		35.000,00 €